


PROGRAMA COOPERACIÓN ORGANISMOS INTERMEDIOS - 2023

Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)

Axuda para mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas incluídas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)

Prazo aberto do
30 de xaneiro ao
27 de febreiro de
2023

Orzamento
4.244.205 €



Entidades beneficiarias

- Asociacións empresariais sectoriais ou intersectoriais, incluídas as de carácter tecnolóxico.
- Consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica.
- Agrupacións industriais empresariais (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliadas en Galicia), que representen a un colectivo de empresas galegas.
- Clústeres empresariais.
- Asociacións de persoas traballadoras autónomas.



Intensidade da axuda

- A contía da subvención por cada persoa moza contratada axustarase a un sistema de módulos, cos seguintes importes:

Para os grupos de cotización 1 a 4:

23.911,38€

Para os grupos de cotización 5 a 9:

15.940,89 €

Para os grupos de cotización 10 a 11:

11.955,69€

PROGRAMA COOPERACIÓN ORGANISMOS INTERMEDIOS - 2023

Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)



Requisitos dos servizos prestados polas persoas contratadas

- Que sexan prestados polos organismos intermedios en **réxime de administración directa**.
- Que se presten ou executen **en Galicia**.
- Que a **duración dos contratos laborais** das persoas desempregadas que presten os servizos sexa como **mínimo de 9 meses a xornada e tempo completo**.
- Que o organismo intermedio **dispoña de asignación orzamentaria suficiente** para facerse cargo dos gastos non subvencionables e dispoña de **centro de traballo en Galicia**.



Documentación a presentar coa solicitude

- Anexo I onde se **indicará o grupo de cotización (CNO a 4 díxitos)** das persoas traballadoras a contratar.
- **Acreditación da persoa que asina a solicitude en nome do organismo intermedio**, mediante o apoderamento, resolución, mandato ou certificado expedido pola secretaría do mesmo.

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 1701|2023

- Pulsa para acceder -



Requisitos para a selección das persoas traballadoras

Trala comunicación da **resolución de concesión**, os organismos intermedios **deberán atender aos seguintes requisitos** no proceso de selección das persoas traballadoras a contratar:

- As persoas que se contraten **deberán ter entre 18 e 29 anos**.
- Deberán ser **persoas desempregadas inscritas** no Servizo Público de Emprego de Galicia e **non ter traballado o día anterior** á data da sinatura do contrato.
- E **estar inscritas como beneficiarias** no ficheiro do SNGX.

Os organismos intermedios **poderán presentar**, por medios telemáticos, **a oferta de emprego na oficina de emprego de Galicia que lle corresponda**, facendo referencia aos requirimentos e características que deberán cumprir as persoas candidatas.

Na **páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** publicarase a **información necesaria para realizar a selección** das persoas a contratar.

As contratacións terán **como data límite o 1 de maio de 2023**.